## *Índice*


| | Nombre documento | Descripción |
|---|---|---|
| 3 | Providencia_da_alcaldia.pdf | Providencia Alcalde incoación expediente |
| 10 | JFC_017-2024_Informe_de_Intervencion_CE_AMORTIZ_DEBEDA.pdf | INFORME DE INTERVENCIÓN CE PARA AMORTIZAR DÉBEDA |
| 11 | PROPOSTA_DA_ALCALDIA__-_.pdf | Proposta Alcaldía para Pleno novembro 2024 |
| 13 | PRP2024_4452_Certificado.pdf | PLENO2024/15 Asuntos Pleno PRP2024/4452 |
| 16 | OFICIO_REMISION_INICIAL.pdf | OFICIO REMISIÓN APROBACIÓN INICIAL |
| 17 | EDICTO_INICIAL.pdf | EDICTO APROBACIÓN INICIAL |
| 21 | BOPPO_Nº_232__data_28-11-2024.pdf | BOPPO 28-11-2024 EXPOSICIÓN INICIAL |

Concello de Vilagarcía de Arousa

**INT/2024/000530**

## PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

O Artigo 32 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira das Administracións Públicas, establece que:

*"Artículo 32. Destino del superávit presupuestario.*

*En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas, y Corporaciones Locales, a reducir el endeudamiento neto....*"

Coa liquidación do orzamento 2023 resultou un valor o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais de 2.464.579,90€, do cal se teñen realizado incorporación obrigatoria por estar vencellados a proxectos de gasto con financiación afectada po importe de 816.407,31€, sendo polo tanto o importe dispoñible de 1.648.172,59€.

Así pois, có presente expediente de crédito extraordinario se acomete a aplicación parcial do superávit 2023 para a amortización extraordinaria no ano 2024 de préstamos vixentes por un importe global de **1.200.000,00€,** sendo as operacións que resultaría máis convinte amortizar pola súas condicións financeiras:

- **Préstamo núm. 2017/1/79420** asinado con ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA o 01/07/2017 por importe de 1.250.000,00€, con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,72.

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2024 |
|---|---|---|---|---|---|
| **79420** | 377.154, 26 € | 377.154, 26 € | | 0,00 € | 377.154, 26 € |

- **Préstamo núm. 2016/1/450579** asinado con BANCO SABADELL, SA o 13/05/2016 por importe de 650.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,69.

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2024 |
|---|---|---|---|---|---|
| **450579** | 178.750, 00 € | 178.750, 00 € | | 0,00€ | 178.750, 00 € |

- **Préstamo núm. 2021/1/009595** asinado con UNICAJA BANCO, SA o 13/05/2016 por importe de 650.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,69.

Concello de Vilagarcía de Arousa

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2024 |
|---|---|---|---|---|---|
| **009595** | 2.800.000,04 € | 644.095,74 € | | | 644.095, 74 € |

Estas amortizacións extraordinarias implicarán a redución dos gastos financeiros para o exercicio 2024, reducindo estimativamente a ATA 2025 en concepto de cotas de amortización en **240.784,60€,** e en consecuencia a débeda viva o volume de endebedamento, favorecendo o aumento do aforro neto.

Visto que na aplicación orzamentaria correspondente á Área de gasto 011 "Débeda Pública" do Orzamento vixente, non existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte á amortización anticipada por importe de **1.200.000,00€, por todo elo DISPOÑO:**

**1º** Incoar expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 01/CE/2024**, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|
| 011-913 Débeda pública-amortización. préstamos | **1.200.000,00€€** |
| **TOTAL** | **1.200.000,00€** |

**2º** Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

**2.1)** Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en aplicación do Superávit 2023 de conformidade co disposto no artigo 32 da LOEOSF 2/2012:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | IMPORTE |
|---|---|---|
| 87000 | REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | **1.200.000,00€** |
| | **TOTAL** | **1.200.000,00€** |

**3º** Que se emita Informe pola Intervención e no seu caso pola Tesourería municipal.

**4º** Unha vez emitido Informe, o presente expediente de concesión de crédito extraordinario se someterá á aprobación do Pleno da Corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos dos orzamentos, e, así mesmo serán aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos orzamentos.

O Alcalde,

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/A1TCMQ1BZ7BIXZCS

Alberto Varela Paz

*Sinatura electrónica*

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/A1TCMQ1BZ7BIXZCS

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Intervención Municipal

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 425/428· F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
intervencion@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

**INFORME DE INTERVENCIÓN**

**CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE**

**EXPTE: INT/2024/000530**
(REF INFORME JFC/017/2024)

**ASUNTO: EXPEDIENTE Nº 01/CE/2024 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

Expediente **Nº 01/CE/2024** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de 1.200.000,00€ en aplicación do **Superávit Orzamentario do exercicio 2023** para a redución do endebedamento neto por importe de 1.200.000,00€

**Normativa de aplicación.**

- R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, Texto refundido da L.R.F.L.
- Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local
- RD 500/1990, Regulamento orzamentario.
- Instrución de Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobado mediante Orden EHA/4041/2004. modificada pola Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución del modelo normal de contabilidade local.
- Bases de Execución do orzamento vixente.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.
- Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Lei Xeral de Orzamentos do Estado prorrogada.

**Antecedentes.**

- Liquidación do orzamento municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondente ao exercicio económico 2023, aprobada por Resolución de Alcaldía número 2024000847 de 03/04/2024.
- Providencia da alcaldía de 14 de novembro de 2024.

Esta Intervención, ó abeiro do establecido no artigo 177 do TRLFL 2/2004, así como do disposto na Providencia da alcaldía sinalada, emite o seguinte **INFORME**

**PRIMEIRO.-** Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito no orzamento corrente (artigo 177 texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 35.1 RD 500/1990).



Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/VF7MZ9YXSG4OQXSY

Este tipo de modificacións orzamentarias están reguladas no artigo 177 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e nos artigos 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de Abril.



Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/VF7MZ9YXSG4OQXSY

O expediente de modificación de crédito realizarase segundo o seguinte detalle, en canto a aplicación orzamentaria que se dota de crédito:

| ***Aplicación Presupostaria*** | | ***Descrición*** | ***Euros*** |
|---|---|---|---|
| 011 | 913 | DÉBEDA PÚBLICA-AMORTIZ. PRÉSTAMOS | 1.200.000,00€ |
| | | TOTAL GASTOS | 1.200.000,00€ |

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO EXERCICIO 2023:

| | REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | IMPORTE APLICABLE |
|---|---|---|
| Cod. Conta | 87000 | 1.200.000,00€ |
| TOTAL | | 1.200.000,00€ |

Polo que a vista do contido do expediente trátase dun gasto específico e determinado, como esixe a normativa citada. Non existindo no estado de gastos do Orzamento 2024 vixente, crédito orzamentario destinado a esta finalidade específica nas aplicacións de imputación. A aplicación que se pretende dotar non ten carácter de ampliable como de obrigas prioritarias, (pechados e gastos de persoal...)

**SEGUNDO.-** En canto a fonte de financiamento da modificación orzamentaria, trátase dun medio ou recurso que con carácter xeral ven determinado polo artigo 174.4 do TRLFL 2/2004, como apto para financiar o aumento de crédito proposto, e con carácter específico ven determinado polo artigo 32 da LO 2/2012 xa que a única forma de transformar o Superávit dentro do límite do RLTGX en crédito para débeda financeira, é a tramitación dun expediente de crédito extraordinario financiado con dito remanente.

Á data actual os fondos destinados a financiar a presente modificación atópanse integrados no Remanente de Tesourería para Gastos Xerais. O Remanente de Tesourería para Gastos Xerais a data 31/12/2023 totalizaba un importe de 2.464.579,90 €. Deste Remanente de Tesourería tense disposto un importe de 816.407,31 € para o financiamento de expedientes de modificación orzamentaria mediante a figura das incorporacións de remanentes de crédito, polo que o saldo dispoñible a data actual é de 1.648.172,59 €, que é suficiente para o financiamento da modificación orzamentaria proposta polo Sr. Alcalde (1.200.000,00 €).

Concello de Vilagarcía de Arousa

FECHA: 17/11/2024
Pág. 1

RELACIÓN DE OPERACIONES DEFINITIVAS

RESUPUESTO 2024

PLICACIÓN PRESUPUESTARIA
ARA GASTOS GENERALES

L. ORGÁNICA:
L. ECONÓMICA: 87000 PARA GASTOS GENERALES

| | APLICACIÓN | | EJEC. PRESUP. |
|---|---|---|---|
| PREVISIONES INICIALES | | COMPROMISOS DE INGRESOS | |
| AUMENTOS | 816.407,31 | DERECHOS RECONOCIDOS | |
| DISMINUCIONES | | ANULACIONES | |
| | | CANCELACIONES | |
| | | INGRESOS | |
| | | DEVOLUCIONES | |
| TOTALES | 816.407,31 | | |



Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/VF7MZ9YXSG4OQXSY

**TERCEIRO.-** A situación de execución orzamentaria actualizada ao terceiro trimestre de 2024 (30 de setembro 2024) e remitida ao MHAP, recolle a seguinte situación xeral:

| | |
|---|---|
| “Dereitos Recoñecidos Netos (DRN): | 32.260.108,79 € |
| Obrigacións recoñecidas Netas (ORN): | 24.216.229,17 € |
| Remanente Líquido de Tesoureira gastos xerais | 9.757.768,32 € |
| Capacidade de Financiación: | 2.029.151,06 € |
| Debeda viva: | 6.034.361,00 €” |

Estes datos foron achegados á plataforma Autoriza do Ministerio de Facenda e Función Pública previamente a chegada do Interventor asinante deste informe ao Concello de Vilagarcía, polo que se descoñecen as bases e criterios utilizados para as previsións necesarias para a obtención dos resultados indicados.

Con relación ao período medio de pago a provedores a situación a 30 de setembro de 2024 é a seguinte:

| Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral | |
|---|---|
| Vilagarcía de Arousa | 28,65 |

**CUARTO.-** A LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira, establece a necesidade de que as entidades locais se suxeiten ó principio de estabilidade orzamentaria na elaboración, aprobación e execución dos seus orzamentos e demáis actuacións que afecten aos gastos e ingresos. Así o artigo 3 dispón que “*(...) Se entenderá por estabilidad presupuestaria la situación de equilibrio o superávit estructural(...)”.*

Pola súa parte, o artigo 11 da mesma norma, establece “ *(...) Las Corporaciones Locales deberán mantener una posición de equilibrio o superávit presupuestario; Para el cálculo del déficit estructural se aplicará la metodología utilizada por la Comisión Europea en el marco de la normativa de estabilidad presupuestaria(…)”*

As obrigas de subministro de información previstas na Orden HAP/2105/2012, de desenvolvemento da Lo 2/2012, implican unha continua labor de control, así como de rendición de información o Ministerio de Facenda, facendo posible un seguimento financeiro e orzamentario de carácter continuado, durante todo o exercicio económico.

En concreto, a través dos informes de execución trimestral do orzamento, regulados no artigo 16 da mencionada Orde, se remitirá información relativa a:

*“(...) Antes del último día del mes siguiente a la finalización de cada trimestre del año se remitirá la siguiente información:*

*1. La actualización de los presupuestos en ejecución, incorporadas las modificaciones presupuestarias ya tramitadas y/o las previstas tramitar hasta final de año, y de las previsiones de ingresos y gastos de las entidades sujetas al Plan general de Contabilidad de Empresas o a sus adaptaciones sectoriales, y sus estados complementarios.*

*2. Las obligaciones frente a terceros, vencidas, líquidas, exigibles, no imputadas a presupuesto.*

*3. La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.*

*4. La actualización del informe de la intervención del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla de gasto y del límite de la deuda.*



Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/VF7MZ9YXSG4OQXSY

*5. Un resumen del estado de ejecución del presupuesto acumulado a final de cada trimestre, de los ingresos y gastos del presupuesto, y de sus estados complementarios, con indicación de los derechos recaudados del ejercicio corriente y de los ejercicios cerrados y las desviaciones respecto a las previsiones.(...)"*

Os datos remitidos a través da plataforma Autoriza, polo anterior responsable da Intervención Municipal, en canto ao 3º trimestre do 2024 reflicten o seguinte:

Entidad seleccionada: **11-36-060-AA-000 - Vilagarcía de Arousa** Ejercicio: **2024** Periodo: **Trimestre 3**

**F.3.2 - Resultado Estabilidad Presupuestaria Grupo ADMIN PUB**

*(En el caso de que la Entidad este sometida a Contabilidad Empresarial el Ingreso y Gasto no Financiero ya es directamente el computable a efectos del Sistema Europeo de Cuentas) - no aplican ajustes*

*Unidad: euros*

| Entidad | Ingreso no financiero (1) | Gasto no financiero (1) | Ajuste S.Europeo Cuentas | | Capac./Nec. Financ. Entidad |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Ajustes propia Entidad (2) | Ajustes por Operaciones Internas | |
| 11-36-060-AA-000 Vilagarcía de Arousa | 40.401.939,15 | 34.996.624,41 | -872.472,51 | 0,00 | 4.532.842,23 |
| 11-36-060-AV-001 P. M. Serv. Deportivos Municipales | 1.357.503,89 | 1.357.503,89 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

*(1) Si entidad tiene presupuesto limitativo - corresponderá con los gastos e ingresos no financieros de la estimación de derechos/obligaciones reconocidos netos a 31/12/2024 (Cap. 1 a 7).*

*Si entidad con contabilidad Empresarial - corresponderá con los gastos e ingresos no financieros (ajustados al SEC).*

*(2) Solo aparecerá cumplimentado en el caso de Entidad con presupuesto limitativo.*

**Capacidad / Necesidad Financiación de la Corporación Local: 4.532.842,23 €**

**Con los objetivos aplicados desde la entrada en vigor de la LO 2/2012 la CORPORACIÓN LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA**

**CUMPLIMIENTO / INCUMPLIMIENTO de acuerdo con LO 2/2012**

**De acuerdo con lo establecido en el artículo 16 apartado 4 de la Orden HAP 2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de la información previstas en la LO 2/2012**

¿VALORA QUE LA CORPORACIÓN CUMPLIRÁ LA REGLA DE GASTO AL CIERRE DEL EJERCICIO CORRIENTE? No

**Observaciones y/o consideraciones al Cumplimiento/Incumplimiento del Objetivo de Estabilidad Presupuestaria del Grupo de Entidades que están dentro del Sector Administraciones Públicas de la Corporación Local**

Reitérase o indicado no punto terceiro, en canto a que sobre a previsión aquí contida nada se pode verificar por ser feita anteriormente a chegada a este Concello do Interventor abaixo asinante.

Este concreto expediente de modificación orzamentaria utilizando a figura do crédito extraordinario, por si mesmo, non provoca inestabilidade orzamentaria por derivar en gasto imputado ao capítulo 9 de gastos (913) que é financiado con ingresos do capítulo 8 (870), sendo polo tanto neutro o seu efecto. E en principio tan pouco, debería afectar á sostibilidade nos termos do cumprimento do período medio de pago, non obstante, o pago das obrigas derivadas deste expediente de modificación orzamentaria quedará suxeito ao plan de disposición de fondos que dende a Tesourería municipal se estableza no seu caso ao efecto.

**QUINTO.-** En canto a tramitación a seguir, segundo os artigos 177.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, serán de aplicación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións e publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables ós Orzamentos, é dicir:

- Proposta con Memoria xustificativa da Presidencia.

- Informe preceptivo do Interventor

- Ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Facenda, Patrimonio e Especial de Contas, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo, bastando a maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local).

- Exposición ó público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboleiro de anuncios e no



Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/VF7MZ9YXSG4OQXSY

Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.

- O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do da exposición ó público, e as reclamacións se considerarán denegadas en calquera caso si non se resolven no acordo de aprobación definitiva.

- O expediente de modificación de créditos, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será insertado no Boletín Oficial da Provincia, ademais de no taboleiro de anuncios.

- Da concesión de créditos extraordinarios se remitirá copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda.

A remisión se fará simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.

- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

Como regra xeral modificación entrará en vigor unha vez teña lugar a publicación da aprobación definitiva, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

Non obstante, pola Presidencia pode valorarse facer uso da excepción recollida nas base 10ª das BEO 2024.

**CONCLUSIÓN.** No exercicio do control permanente previsto legalmente, **infórmase favorablemente** a proposta de modificación orzamentaria mediante a figura de **crédito extraordinario nº 01/CE/2024 por importe de 1.200.000,00** €.

Este informe emitido cos medios técnicos e humanos postos a disposición deste funcionario, sométese calquera a outro con mellor criterio fundamentado en dereito.

O Interventor,

En Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.



Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/VF7MZ9YXSG4OQXSY

Concello de Vilagarcía de Arousa

**INT/2024/000530**
**PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 01/CE/2024**

**ANTECEDENTES**

Visto que na liquidación do exercicio 2023 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.

Coa liquidación do orzamento 2023 resultou un valor o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais de 2.464.579,90€, do cal se teñen realizado incorporación obrigatoria por estar vencellados a proxectos de gasto con financiación afectada po importe de 816.407,31€, sendo polo tanto o importe dispoñible de 1.648.172,59€.

Así pois, có presente expediente de crédito extraordinario se acomete a aplicación parcial do superávit 2023 para a amortización extraordinaria no ano 2024 de préstamos vixentes por un importe global de **1.200.000,00€,** sendo as operacións que resultaría máis convinte amortizar pola súas condicións financeiras:

- **Préstamo núm. 2017/1/79420** asinado con ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA o 01/07/2017 por importe de 1.250.000,00€, con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,72.

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2025 |
|---|---|---|---|---|---|
| **79420** | 377.154,26 € | 353.582,12 € | 23.572,14 € | 0,00 € | 94.288,56 € |

- **Préstamo núm. 2016/1/450579** asinado con BANCO SABADELL, SA o 13/05/2016 por importe de 650.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,69.

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2025 |
|---|---|---|---|---|---|
| **450579** | 178.750,00 € | 162.500,00 € | 16.250,00 € | 0,00€ | 65.000,00 € |

- **Préstamo núm. 2021/1/009595** asinado con UNICAJA BANCO, SA o 13/05/2016 por importe de 650.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,69.

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2025 |
|---|---|---|---|---|---|
| **009595** | 2.800.000,04 € | 683.917,88 € | 58.333,33 € | 43.781,89 € | 58.205,76 € |

Estas amortizacións extraordinarias implicarán a redución dos gastos financeiros para o exercicio 2025, reducindo estimativamente a ATA 2025 en concepto de cotas de amortización en **217.494,32 €,** e en consecuencia a débeda viva o volume de endebedamento, favorecendo o aumento do aforro neto.

Visto que na aplicación orzamentaria correspondente á Área de gasto 011 “Débeda Pública” do Orzamento vixente, non existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte á amortización anticipada por importe de **1.200.000,00€.**

Visto o informe de Intervención favorable de data 18/11/2024 obrante no expediente **INT/2024/000530**.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 32 da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 01/CE/2024**, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|
| 011-913 Débeda pública-amortización. préstamos | **1.200.000,00€** |
| **TOTAL** | **1.200.000,00€** |

**SEGUNDO:** Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en aplicación do Superávit 2023 de conformidade co disposto no artigo 32 da LOEOSF 2/2012:

| SUCONCEPTO DE INGRESO | | IMPORTE |
|---|---|---|
| 87000 | REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | **1.200.000,00€** |
| **TOTAL** | | **1.200.000,00€** |

**TERCEIRO:** Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº01/CE/2024**, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, xa que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do exercicio 2024, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2024, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

**CUARTO:** Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario **Nº 01/CE/2024** será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

O ALCALDE,

Alberto Varela Paz
*Sinatura electrónica*

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Secretaria Xeral

CIF: P/3606000B
Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200
sede.vilagarcia.gal

**Maria Rosa Losada Suarez**, Secretaria Xeral do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa,

**CERTIFICO**

Que o Pleno, na sesión que tivo lugar o día 25/11/2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA APLICACIÓN PARCIAL SUPERAVIT 2023 CON DESTINO Á REDUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO NETO – AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO.**- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 21 de novembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 01/CE/2024
ANTECEDENTES
Visto que na liquidación do exercicio 2023 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.
Coa liquidación do orzamento 2023 resultou un valor o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais de 2.464.579,90€, do cal se teñen realizado incorporación obrigatoria por estar vencellados a proxectos de gasto con financiación afectada po importe de 816.407,31€, sendo polo tanto o importe dispoñible de 1.648.172,59€.
Así pois, có presente expediente de crédito extraordinario se acomete a aplicación parcial do superávit 2023 para a amortización extraordinaria no ano 2024 de préstamos vixentes por un importe global de 1.200.000,00€, sendo as operacións que resultaría máis convinte amortizar pola súas condicións financeiras:

- Préstamo núm. 2017/1/79420 asinado con ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA o 01/07/2017 por importe de 1.250.000,00€, con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,72.

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2025 |
|---|---|---|---|---|---|
| 79420 | 377.154,26 € | 353.582,12 € | 23.572,14 € | 0,00 € | 94.288,56 € |

- Préstamo núm. 2016/1/450579 asinado con BANCO SABADELL, SA o 13/05/2016 por importe de 650.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,69.

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2025 |
|---|---|---|---|---|---|
| 450579 | 178.750,00 € | 162.500,00 € | | | 65.000,00 € |

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Secretaria Xeral

CIF: P/3606000B
Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200
sede.vilagarcia.gal

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | 16.250,00 € | 0,00€ | |

- Préstamo núm. 2021/1/009595 asinado con UNICAJA BANCO, SA o 13/05/2016 por importe de 650.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,69.

| | Capital pendente a 08/11/2024 | Importe a amortizar anticipadamente | Cota actual | Nova cota | Redución amortización orzamento 2025 |
|---|---|---|---|---|---|
| 009595 | 2.800.000,04 € | 683.917,88 € | 58.333,33 € | 43.781,89 € | 58.205,76 € |

Estas amortizacións extraordinarias implicarán a redución dos gastos financeiros para o exercicio 2025, reducindo estimativamente a ATA 2025 en concepto de cotas de amortización en 217.494,32 €, e en consecuencia a débeda viva o volume de endebedamento, favorecendo o aumento do aforro neto.

Visto que na aplicación orzamentaria correspondente á Área de gasto 011 "Débeda Pública" do Orzamento vixente, non existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte á amortización anticipada por importe de 1.200.000,00€.

Visto o informe de Intervención favorable de data 18/11/2024 obrante no expediente INT/2024/000530.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 32 da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 01/CE/2024, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|
| 011-913 Débeda pública-amortización. préstamos | 1.200.000,00€ |
| TOTAL | 1.200.000,00€ |

SEGUNDO: Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en aplicación do Superávit 2023 de conformidade co disposto no artigo 32 da LOEOSF 2/2012:

| SUCONCEPTO DE INGRESO | | IMPORTE |
|---|---|---|
| 87000 | REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | 1.200.000,00€ |
| | TOTAL | 1.200.000,00€ |

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario Nº01/CE/2024, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, xa que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do exercicio 2024, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2024, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/XCWKR6JTH3E8WTCJ

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Secretaria Xeral

CIF: P/3606000B
Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200
sede.vilagarcia.gal

dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.
CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 01/CE/2024 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación de crédito por crédito extraordinario Nº 01/CE/2024, para aplicación parcial superavit 2023 con destino á redución do endebedamento neto - amortización préstamo, por importe de 1.200.000 €.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2) e un voto en contra do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1) (os nove concelleiros/as integrantes do grupo politico municipal do PP non están presentes neste asunto, motivo polo que non participan na votación).

ACÓRDASE Por maioría:
PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 01/CE/2024, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE |
|---|---|
| 011-913 Débeda pública-amortización. préstamos | 1.200.000,00€ |
| TOTAL | 1.200.000,00€ |

SEGUNDO: Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:
Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en aplicación do Superávit 2023 de conformidade co disposto no artigo 32 da LOEOSF 2/2012:

| SUCONCEPTO DE INGRESO | | IMPORTE |
|---|---|---|
| 87000 | REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | 1.200.000,00€ |
| | TOTAL | 1.200.000,00€ |

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario Nº01/CE/2024, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Secretaria Xeral

CIF: P/3606000B
Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200
sede.vilagarcia.gal

durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.
Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, xa que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do exercicio 2024, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2024, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.
CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 01/CE/2024 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.
”

E para que conste e produza efectos onde proceda, coa salvidade prevista no Artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente en Vilagarcía de Arousa.
Vº E PRACE O ALCALDE-PRESIDENTE
Sinatura dixitalizada

Concello de Vilagarcía de Arousa

**OFICIO**

**ASUNTO:** Edicto aprobación inicial da Modificación Orzamentaria Nº 01/CE/2024

Ref. Expte.: INT/2024/000530

Para a súa publicación no B.O.P. de Pontevedra, adxunto remito edicto da aprobación inicial da Modificación de Créditos identificada co número 01/CE/2024, dentro do Orzamento deste Concello para o actual exercicio 2024, en cumprimento do previsto nos artigos 177.1 e 177.2 do Real Decreto Lexislativo, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta publicación está exenta do pago da taxa o estar tipificado no art. 11.2 a) da Lei 5/2002, de 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

EXCMO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

AVDA. MONTERO RÍOS, S/N

36001 - P O N T E V E D R A

===============

Praza de Ravella, 1 · 36600 Vilagarcía de Arousa · T 986 099 200 · F 986 501 1 09 · CIF: P/3606000 B ·
concello@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/M5FFFG7G81XQVT4S

Concello de Vilagarcía de Arousa

**E D I C T O**

**MODIFICACIÓN DE CŔEDITO Nº 01/CE/2024**

**ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL**

Ref. Expte.: INT/2024/000530

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2024, aprobou inicialmente o expediente da seguinte modificación orzamentaria:

Nº 01/CE/2024, utilizando a figura de cŕedito extraodinario (Ref. Expte.: INT/2024/000530)

De conformidade co disposto nos artigos 177.1 e 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , de 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en concordancia cos artigos 20.1 e 38.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, o citado expediente estará a disposición dos interesados en formato dixital, no enderezo electrónico https://sede.vilagarcia.gal/public/dynamic/transparency/economicalinfo/ e, en formato papel, no departamento de Intervención deste Concello, durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometerse coas indicadas modificacións orzamentarias, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2024, de forma que transcorrido o prazo de exposición ó público sen que se presentase ningunha reclamación, poderá considerarse definitivamente aprobado o expediente de referencia, procedendo a publicar a aprobación definitiva tal e como establece o artigo 169.5 do RDL 2/2004, a efectos de inicio do cómputo do prazo para que os interesados poidan interpoñer, se así o estiman, recurso contencioso-administrativo; a tal fin publícase como quedará a situación do orzamento para o presente exercicio, resumido por capítulos, despois da aprobación do expediente de modificación de créditos:

| DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULOS DE GASTOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CAPT.** | **DENOMINACIÓN** | **CRÉDITOS TOTAIS** | **C.E** | **CRÉDITO DEFINITIVO** |
| 1 | GASTOS DE PERSOAL | 15.543.095,47 | 0,00 | 15.543.095,47 |
| 2 | GASTOS CORRENT. BENS E SERV. | 14.676.445,16 | 0,00 | 14.676.445,16 |
| 3 | GASTOS FINANCEIROS | 324.321,72 | 0,00 | 324.321,72 |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 3.633.542,34 | 0,00 | 3.633.542,34 |
| 5 | FONDO DE CONTINXENCIA | 40.000,00 | 0,00 | 40.000,00 |
| 6 | INVERSIÓNS REAIS | 17.960.149,08 | 0,00 | 17.960.149,08 |
| 7 | TRANSF. DE CAPITAL | 115.026,03 | 0,00 | 115.026,03 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 150.000,00 | 0,00 | 150.000,00 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 950.000,00 | 1.200.00,00 | 2.150.000,00 |
| | **TOTAL** | **53.392.579,80** | **1.200.000,00** | **54.592.579,80** |

Praza de Ravella, 1 · 36600 Vilagarcía de Arousa · T 986 099 200 · F 986 501 1 09 · CIF: P/3606000 B · concello@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/M9Q450D733U0CMG3

| DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULOS DE INGRESOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CAPT.** | **DENOMINACIÓN** | **PREVISIÓNS TOTAIS** | **MODIFICACIÓNS** | **PREVISIÓNS DEFINITIVAS** |
| 1 | IMPOSTOS DIRECTOS | 12.075.232,43 | 0,00 | 12.075.232,43 |
| 2 | IMPOSTOS INDIRECTOS | 560.282,42 | 0,00 | 560.282,42 |
| 3 | TAXAS, PREZOS PUB. E OUTR. ING. | 7.087.626,63 | 0,00 | 7.087.626,63 |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 16.754.479,77 | 0,00 | 16.754.479,77 |
| 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 23.039,23 | 0,00 | 23.039,23 |
| 6 | ALLEAMENTOS REAIS | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 7 | TRANSF. DE CAPITAL | 4.684.122,26 | 0,00 | 4.684.122,26 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 6.420.398,95 | 1.200.000,00 | 7.620.398,95 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 5.787.398,11 | 0,00 | 5.787.398,11 |
| | **TOTAL** | **53.392.579,80** | **1.200.000,00** | **54.592.579,80** |

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Verificación en: http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/M9Q450D733U0CMG3

BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Xoves, 28 de novembro de 2024
Núm. 232

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## VILAGARCÍA DE AROUSA

**Presupostos e cadros de persoal**

*EXPOSICIÓN INICIAL AO PÚBLICO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 01/CE/2024*

*EDICTO*
*MODIFICACIÓN DE CŔEDITO Nº 01/CE/2024*

*ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL*
*REF. EXPTE.: INT/2024/000530*

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2024, aprobou inicialmente o expediente da seguinte modificación orzamentaria:

Nº 01/CE/2024, utilizando a figura de cŕedito extraodinario (Ref. Expte.: INT/2024/000530)

De conformidade co disposto nos artigos 177.1 e 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , de 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en concordancia cos artigos 20.1 e 38.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, o citado expediente estará a disposición dos interesados en formato dixital, no enderezo electrónico https://sede.vilagarcia.gal/public/dynamic/transparency/economicalinfo/ e, en formato papel, no departamento de Intervención deste Concello, durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometerse coas indicadas modificacións orzamentarias, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2024, de forma que transcorrido o prazo de exposición ó público sen que se presentase ningunha reclamación, poderá considerarse definitivamente aprobado o expediente de referencia, procedendo a publicar a aprobación definitiva tal e como establece o artigo 169.5 do RDL 2/2004, a efectos de inicio do cómputo do prazo para que os interesados poidan interpoñer, se así o estiman, recurso contencioso-administrativo; a tal fin publícase como quedará a situación do orzamento para o presente exercicio, resumido por capítulos, despois da aprobación do expediente de modificación de créditos:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:XDP5Z7NWU6BY5DB4

BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Xoves, 28 de novembro de 2024
Núm. 232

| DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULOS DE GASTOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CAPT.** | **DENOMINACIÓN** | **CRÉDITOS TOTAIS** | **C.E** | **CRÉDITO DEFINITIVO** |
| 1 | GASTOS DE PERSOAL | 15.543.095,47 | 0,00 | 15.543.095,47 |
| 2 | GASTOS CORRENT. BENS E SERV. | 14.676.445,16 | 0,00 | 14.676.445,16 |
| 3 | GASTOS FINANCEIROS | 324.321,72 | 0,00 | 324.321,72 |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 3.633.542,34 | 0,00 | 3.633.542,34 |
| 5 | FONDO DE CONTINXENCIA | 40.000,00 | 0,00 | 40.000,00 |
| 6 | INVERSIÓNS REAIS | 17.960.149,08 | 0,00 | 17.960.149,08 |
| 7 | TRANSF. DE CAPITAL | 115.026,03 | 0,00 | 115.026,03 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 150.000,00 | 0,00 | 150.000,00 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 950.000,00 | 1.200.00,00 | 2.150.000,00 |
| | **TOTAL** | **53.392.579,80** | **1.200.000,00** | **54.592.579,80** |

| DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CAPÍTULOS DE INGRESOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CAPT.** | **DENOMINACIÓN** | **PREVISIÓNS TOTAIS** | **MODIFICACIÓNS** | **PREVISIÓNS DEFINITIVAS** |
| 1 | IMPOSTOS DIRECTOS | 12.075.232,43 | 0,00 | 12.075.232,43 |
| 2 | IMPOSTOS INDIRECTOS | 560.282,42 | 0,00 | 560.282,42 |
| 3 | TAXAS, PREZOS PUB. E OUTR. ING. | 7.087.626,63 | 0,00 | 7.087.626,63 |
| 4 | TRANSF. CORRENTES | 16.754.479,77 | 0,00 | 16.754.479,77 |
| 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 23.039,23 | 0,00 | 23.039,23 |
| 6 | ALLEAMENTOS REAIS | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 7 | TRANSF. DE CAPITAL | 4.684.122,26 | 0,00 | 4.684.122,26 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 6.420.398,95 | 1.200.000,00 | 7.620.398,95 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 5.787.398,11 | 0,00 | 5.787.398,11 |
| | **TOTAL** | **53.392.579,80** | **1.200.000,00** | **54.592.579,80** |

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde — Alberto Varela Paz

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:XDP5Z7NWU6BY5DB4

Edita: Deputación de Pontevedra · Depósito legal: PO 1-1958 · Tel 986 804 100 · www.boppo.depo.es · boppo@depo.es